



Ornela Fernández Salgado, concelleira do BNG, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 26/12/07:

Exposición de motivos:

A restructuración do fondos europeos da nova etapa orzamentaria levou a que se distinga entre os programas de desenvolvemento de zonas rurais e costeiras. Os primeiros vanse desenvolver a través dun novo programa Leader e os segundos levarán a que se constituán os grupos de acción costeira.

O mapa de grupos de acción costeira, que se corresponden aproximadamente con cada ría e que ten previsto levar a cabo a Consellería de Pesca, deixa fóra destes fondos europeos ao concello de Vilaboa, que é o único concello con costa da provincia de Pontevedra que non vai pertencer a ningún grupo.

Esta decisión non pode ser aceptada polo Concello de Vilaboa que debe xestionar a súa inclusión pois vaise investir unha cantidade próxima aos 6.000.000 € en todo o país a través de proxectos dinamizados pola sociedade civil e institucións públicas.

Vilaboa posúe unha costa de 15 quilómetros e gran parte da súa poboación dedicada ao marisqueo e pesca. Tamén conta cun importante sector dedicado á acuicultura, especialmente ao mexillón. Coñecida a realidade social e económica de Vilaboa, non ten explicación razoable a súa exclusión do programa.

Por todo isto, solicita:

A realización das xestións necesarias para a inclusión de Vilaboa no grupo de acción local da ría de Vigo.

Vilaboa, 26 de decembro de 2007.

Ornela Fernández Salgado

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vilaboa

OS GRUPOS DE ACCIÓN COSTEIRA ARTESANAL

